

Aínda era cedo, pero a luz do sol invernal fuxía entre as follas das árbores. Facendo equilibrios entre os troncos da fraga, o carreiro corría sen moverse ata o destino de sete camiñantes. Era o primeiro día de andaina seguindo os pasos dos homes que, moitos séculos antes, fixeran ese mesmo percorrido na procura dunha rota que lles permitise vender as figuras de cera que eles mesmos fabricaban. Era a chamada “Rota da cera”.

As choivas recentes facían do irregular chan unha mestura de follas podres de carballo e castiñeiro, amasadas con lama e pedras. O escorregadizo terreo e a pouca luz que quedaba xa nas derradeiras horas dese día empuxaban aos rapaces a apurar o seu paso.

Ningún deles fixera antes ese traxecto, e só tiñan un mapa moi malo copiado dun xornal, que non lles servía de moita axuda. O peso das mochilas fora medrando ao longo do día, e os ombros, pouco

afeitos a tales esforzos, comezaban a queimarse polo rozamento. Pero a peor parte levábana os seus pés, acostumados a moverse dentro dun autobús para ir ao colexio, ou dar unha volta.

Agora era tarde para deterse a descansar, uns minutos máis e a escuridade igualaría toda a paisaxe, fundindo o camiño co ceo, baleiro de estrelas e lúa, e cheo de densas nubes.

Ana avanzaba moi cansa, sentía que o peso das súas pernas xa non lle permitiría dar un paso máis, e as luces da vila aínda semellaban estar lonxe, agochadas detrás das ramas negras das árbores. Ía frío e a humidade gabeaba desde os pés ata o resto do corpo.

María e Xulia camiñaban algo separadas do resto do grupo, marcando o ritmo dos demais cun bo paso, estaban sen folgos, pero aínda tiñan forzas dabondo para ser as primeiras en chegar ao albergue. Non falaban entre elas, como se cada palabra que puidesen pronunciar lles restase as enerxías que lles quedaban.

Camiñando xusto detrás de Ana, avanzaban Rapo e Paulo. Paulo pensaba que xa non podía máis, pero non debía renderse no primeiro día, despois de todo, fora el quen tivera a idea de facer a viaxe, aproveitando a ponte que lles daba uns días de vacacións extras.

Uxía e Xulio pechaban o grupo, eran os que peor o estaban pasando, non pensaban en nada máis que en regresar ás súas casas e rematar con esa idea



de tolos. Só falaba Xulio, pero para queixarse de todo o que vía ao seu redor, aínda que agora a pouca luz que quedaba non lle permitía ver nin onde puña os pés. Uxía limitábase a camiñar ao seu carón sen dicir nada, ollando cara abaixo, como tentando adiviñar o rastro do camiño borrado pola noite.

Agora a vila víase recortada nos montes, coas luces prendidas, e os focos da estrada alumeando o camiño que avanzaba paralelo a ela ata as primeiras casas.

Os rapaces apuraron o paso inventando as forzas de onde non existían. María e Xulia botaron a correr e ao pouco perdéronse na noite, para volver aparecer uns segundos máis tarde camiñando sobre o asfalto lambido pola luz eléctrica.

Ana e os demais agardaron por Xulio e Uxía, que xa estaban angustiados por seren os últimos en chegar, sentindo un formigo que lles percorría desde as pernas ata o peito.

Ao pisar a estrada, sentiron que o chan se volvía duro e liso, miraron cara atrás, e a escuridade devolveulles a ollada envolta en tebras.

Cando o resto do grupo puxo un pé no albergue (unha casa vella reformada para acoller os novos visitantes) María xa estaba escollendo cama, cos calcetíns enlamados e a mochila aberta enriba dun colchón; namentres, Xulia cubría os papeis de admisión no refuxio. Pouco a pouco todos botaron as súas cargas de cores enriba das liteiras que aínda estaban libres.

O feito de non sentiren peso no lombo dáballes a sensación de camiñar flotando. Uxía tiña unha ampola nun pé, así que abriu a mochila e buscou un bote de plástico transparente no que se podían ver agullas, fíos negros e unha caixa de mistos.

–Que vas facer con iso? –preguntou Rapo en voz alta para que todos o escoitasen.

Coser a vincha –contestoulle Uxía, quen xa estaba queimando a punta dunha agulla para desinfectala. Despois pasou un fío polo ollo da pequena peza metálica e atravesou a ampola deixándoo xusto no medio.

Os demais ollábana sen dicir nada. A verdade era que ningún deles, agás Uxía, tiña idea dese remedio.

–Que tola estás! –dixo Xulio.

Paulo observaba a escena desde o outro extremo do cuarto, coa cabeza apoiada na parede e as pernas penduradas das liteiras de madeira verde. Nunca estivera tan canso, non podía pensar con claridade, limitábase a mirar o que facían os outros sen dicir unha palabra. Só tivera forzas para despegarse da mochila e sacar os pés das botas; ata desfacerse dos calcetíns lle parecera un traballo demasiado duro.

María separouse por un momento da súa amiga Xulia e camiñou ata a cama máis achegada á de Paulo, sorriu, sentou no colchón de espuma envolto nunha tea azul e suspirou, logo deu unha palmada no aire, ergueuse dun salto e tiroulle dun brazo a

Paulo. Este ollábaa sen dicir nada, agardando a que ela falase.

–Que tes?, non eras ti o que tiñas tantas ganas de vir? –preguntou María.

–Xa..., pero estou morto, dóeme ata pensar –contestou Paulo sen erguer os ollos.

María levantouse e foi cara a Xulia. Os rapaces comezaran a buscar as duchas. Calcetíns, botas, camisetas, peites e xabóns invadían o chan e as cadeiras.

–Que lle pasa? –preguntou Xulia.

–Nada, está canso –dixo María rindo–. Xa se están duchando?

–Si, espero que non acaben coa auga quente, non me apetece nada coller unha pulmonía.

–Pois vas apañada.

–Xa che digo, mira, aí ben este.

–Ola Rapiño!

Rapo tirou a toalla mollada enriba do colchón e comezou a rebuscar na mochila.

–Estás parvo?, estás mollando a cama –berrou Ana desde o corredor.

–Déixao –dixo Paulo–, está lembrando o que facía polas noites ata o curso pasado.

–Moi simpáticos –contestou Rapo–, e ti, resucitaches?

–Xa ves –dixo Paulo obrigándose a sorrirlles aos seus amigos.

O cuarto parecía outro completamente diferente ao de había uns minutos, cando entraron nel dúas ringleiras de liteiras e uns colgadoiros nas paredes enchían todo o que non era aire, agora as toallas húmidas penduraban das madeiras verdes e sete pares de botas enlamadas buscaban un sitio xunto ás mochilas.

Estaban cansos, e Paulo desexaba volver a casa. Non quería pasar outro día así, para que? Toda a ilusión que puxera na viaxe fora derrubada polos quilómetros e a chuvia. Non sabía como, pero tiña que inventar unha escusa e coller o autobús de volta á cidade.

María e Xulia vixiaban o teito agardando que o sono lles pechase os ollos, pero nin elas nin os demais rapaces conseguían durmir. Rapo sentou ás escuras na cama e dixo en voz alta:

–Alguén sabe contos de medo?

Os demais comezaron a remexerse nos sacos de durmir e Uxía acendeu unha lanterna. Achegáronse todos á luz e sentaron no chan e nas camas máis próximas. As caras de todos eles quedaron visibles entre sombras.

–Que tipo de contos? –preguntou Xulia.

–Todo iso de aparecidos, marcianos cabezóns,...

–Marcianos cabezóns coma ti? –dixo María meténdose con Rapo.

–Xa che vale, que tamén hai marcianas descebradas.

–Non sei de que vai iso dos marcianos –dixo Xulio.

–Pois é unha parvada –contestou Xulia–, hai xente que di que pola noite entran nos cuartos sen que poidas decatarte, e cando os sentes ao teu carón xa non podes berrar nin fuxir nin nada.

–E para que queren coller xente? –preguntou Xulio, algo inqueda.

–Para experimentos ou para facer híbridos con eles mesmos.

–Xa!, seguro, e ti es un deses híbridos.

–Claro, home, por iso non me quitas ollo.

–Xa che gustaría.

–Veña, en serio –dixo Rapo algo amolado–, non sabedes ningunha historia desas?

–Eu coñecía unha dun lobishome –dixo Ana– pero non sei se me vou lembrar ben dela.

–Veña, muller!, seguro que a lembras.

Ana achegou a lanterna e colocouna xusto diante dela.

–Hai xa moito tempo –a historia comezou a camiñar nos beizos da rapaza e o silencio espertou para escoitala–, neste mesmo lugar onde estamos,



existía unha aldea de xentes dedicadas a criar gando. Aínda non fixeran a estrada nin os camiños e as fragas escuras rodeaban as poucas casas que daquela construíran. A xente vivía das cousas que sacaban dos animais...

–As cousas! –Rapo interrompeu a narración e sobre as súas palabras caeron varios:

–Chissst!

–Nunha das casas vivían un home e seu fillo, e a este gustáballe moito saír polas noites a camiñar baixo as estrelas. Unha noite escoitáronse os ouveos dos lobos moi preto da aldea e á mañá seguinte atoparon unha vaca morta.

Despois non volveron saber máis dos lobos, así que o mozo decidiu pasear un pouco pola fraga aproveitando a luz da lúa chea. Saíu da casa e camiñou durante un bo cacho, pero cando xa decidira volver, sentiu de súpeto un bafo quente nunha man e notou como se algo lle trabase os dedos.

Botou a correr e, como estaba preto da súa casa, non tardou moito en chegar. O pai xa durmía e o mozo vendou a pequena ferida; non sabía o que pasara, porque el non vira ningún lobo nin nada semellante.

Pasou de novo o tempo e xa nin lembraba a ferida da man, que non deixara ningún sinal nin nada. Entón unha noite de lúa, atou unha capa verde ao pescozo e saíu de novo a camiñar. Ao día seguinte, os veciños atoparon todo o seu gando morto, e o máis estraño era que as vacas estaban pechadas den-

tro das cortes, e ningún animal puidera abrir a porta. Ademais apareceu un anaco de tea enriba dunha das vacas.

Á noite seguinte saíu de novo a Lúa e o mozo atou de novo a capa verde e foi camiñar. Pero esa noite os veciños saíron tamén a percorrer as fragas: querían atopar o animal ou besta que atacara o gando. Entón cando xa levaban un bo anaco baixo a Lúa, un enorme lobo negro apareceu diante deles e un dos homes apuntou coa súa arma e acertoulle ao lobo no corazón.

Cando a fera deixou de moverse, achegáronse e puideron ver unha tea verde atada no seu pescozo. Era o mozo transformado en lobishome, así que lle cortaron a cabeza e enterrárono en lugar sagrado...

–Pois vaia historia de medo –rosmou Paulo.

–Aínda non rematei! Desde entón nas noites de lúa chea como a de hoxe, algo estraño ocorre nestes lugares; ás veces os camiñantes senten un bafo quente na cara: dise que o lobishome achégase aos que dormen coa cabeza na man e, se acordas e o ves, daquela morres co susto.

–Moi ben! –dixo Xulia– o primeiro que me bote o alento para facer a graza, leva un couce nos fociños.

Agora o sono comezou a entrar nos rapaces, pero non ía só, porque ningún deles era quen de pechar os ollos na escuridade.

## II

Ao día seguinte as cousas parecían ir mellor para Xulio: xa non lle doía nada e parecía ter de novo a vontade de rematar a viaxe. Cando se decataron, estaban outra vez avanzando sobre unha senda de terra húmida. Faltaban tres xornadas máis para chegaren ao seu destino.

Xulio semellaba ser outra persoa, sentíase feliz por non renderse e formar parte da rota. El e Rapo camiñaban diante, mentres que Xulia e os demais os seguían a pouca distancia, formando un só grupo. Uxía continuaba sen sentirse ben co peso da súa mochila, e os outros facían o que podían para distraela.

–Que tal vas hoxe? –preguntoulle Rapo a Xulio.

–Vou coma un touro.

–Xa será menos. Bo día tiveches onte,...

–Vale, pero hoxe xa ves. Supoño que estou recuperado.

–Era un problema de coco, non de pernas. Metéuseche na cachola que non podías seguir e ...

–Uxía non o ten tan claro. Non creo que remate cos demais.

–Non apostes nada; estando Paulo por aquí, manda a mochila por correo se fai falla.

–Como te pasas con ela.

Uxía dáballle voltas á cabeza, non sabía se aguantar un pouco máis, sobre todo vendo a recuperación de Xulio; se cadra, esperando un día máis, tamén se sentiría mellor. Por sorte Paulo e María ofrecéranse a levarlle o saco de durmir por veces.

Percorreron congostras abrazadas pola vexetación, onde vellas marcas de rodas de carro esculpidas nas irregulares pedras do chan dificultaban o camiño. Uxía ía rompendo anacos de plantas e pólas ao seu paso: era algo que puña dos nervios a Xulia, quen facía por non mirar atrás para non vela.

Aínda así o son das pólas quebrando o aire entre as mans de Uxía viaxaba ata os oídos de Xulia sen parar. Ata que xa non aturou máis e dixo en voz alta:

–Pobres plantas e árbores, que foron sometidas ao tormento e mutilación por ousar ollar a Uxía!

Uxía púxose colorada e lanzou a póla que levaba na man ao interior da fraga. A rama voou xirando no aire ata que bateu no tronco dun vello carballo, para despois caer sobre unha morea de pedras de cuarzo que caeron rodando unhas sobre as outras. O

son dos minerais batendo entre eles chamou a atención de Rapo por uns segundos. Despois perdeuse entre a fala da fraga.

Así pasou outro día máis e de novo coa noite por teito chegaron ao seguinte albergue. Un cartel de cartón avisaba que a chave da porta estaba nunha casa azul escondida detrás da seguinte curva. Descargaron as mochilas e María e Xulia ofrecéronse a ir na procura da chave; os demais sentaron no chan apertando as costas contra a parede de pedra.

–Estas dúas son incansables –comentou Paulo.

Os outros calaron dándolle a razón e seguiron cos ollos ás dúas rapazas mentres elas se afastaban cada vez máis.

María e a súa amiga Xulia non se sentían cansas aínda que a casa azul estaba máis lonxe do que pensaban. Despois de camiñar durante un bo cacho chegaron ata a entrada da casa. O ladrido dun can facíase escoitar desde a parte traseira. Non semellaba haber ninguén dentro. Achegáronse á porta tamén azul e Xulia petou dúas veces.

Xa era completamente noite e as únicas luces que se vían ao lonxe eran as do albergue, porque as da casa azul estaban apagadas. O can seguía ladrando e certa inquedanza comezou a medrar nas dúas amigas.

–Aquí non hai ninguén, tía. Vámonos antes de que saia o can –dixo María retrocedendo uns pasos polo camiño.

–Espera aí, vou petar outra vez.

O ruído dos ósos da man de Xulia soaron na porta. O can calou, e un silencio interminable encheu o aire, como se nunca existise ningún son. Xulia ollou a María e fíxolle un aceno de estrañeza coa cara.

–Que mala espiña me está dando!, ímonos xa?

–Agarda un pouco máis –contestou Xulia.

A noite era fría e certa humidade facíase sentir no cabelo e nas roupas. A lúa agochada entre nuboeiros só deixaba adiviñar as siluetas das cousas.

Entón a porta comezou a cantar unha melodía de madeira vella e deixou ver un fío de luz que fuxía do interior. Xulia empurrou a folla, pisou o chan de pedra e buscou coa ollada a María, quen lla devolveu chea de medo.

–Ola!, hai alguén aí? –berrou Xulia.

–Non hai ninguén, lisquemos xa –dixo María coa voz a tremer.

–Queremos a chave do albergue! –insistiu Xulia.

A única resposta que obtivo foi o silencio da noite. Abriu por completo a porta e unha luz suave lambeulle a face. María xa estaba ao seu carón, así que as dúas puideron ver no fondo da estancia unha mesiña colocada debaixo dunha lámpada metálica. Achegáronse un pouco máis e, cando estaban no centro do único espazo que formaba o interior da

casa, decatáronse de que unha grande chave negra de ferro repousaba sobre a mesa agardando por elas.

María avanzou un paso ata a chave, pero foi Xulia quen se decidiu a collela. Debaixo da chave había unha nota escrita a lapis.

–Que pon? –preguntou María desde o centro da casa azul, e nese mesmo intre, cando Xulia ía ler a mensaxe, a porta comezou a moverse lentamente ata pechar cun son metálico e escuro.